

“ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓN S LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 22 DE MAIO DE 2011.

No salón de actos da Casa do Concello de Lán cara, sendo as once horas do día once de xuño de dous mil once, para dar cumprimento ó que se dispón nos artigos cento noventa e cinco e cento noventa e seis de Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, do 2 de abril; 8/1991, do 13 de marzo; 6/1992, do 2 de novembro; 13/1994, do 30 de marzo; 3/1995, do 23 de marzo; 1/1997, do 30 de maio e 3/1998, do 15 de xuño e arts. 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde, reuníronse , en sesión pública, os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 22 de maio de 2011, que son os seguintes: D. Eladio Capón López ,D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. José Manuel Neira Castro, D. Andres Manuel Caballero López e D. José Manuel Alvarez Rodríguez,(Concelleiros electos do partido P.P.); D. Dario Antonio Piñeiro López, D.Pablo Rivera Capón , D. José Manuel García Aldegunde , D. Oscar Rodríguez Somoza (Concelleiros electos do partido PS de G-PSOE, D. Carlos Fernández Díaz , (Concelleiros electos polo partidoCDL), e D. Carlos Santiago López Sierra, (Concelleiro electo polo partido B.N.G), asistidos polo infraescrito Secretario da Corporación D. José López Castro, quen fai constar que se cumpriu o requisito que preceptúa o art. 7º do citado regulamento,como trámite previo legal para este acto.

FORMACION DA MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA, CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS PARA ELECCIÓN DE ALCALDE.-

Seguidamente procedeuse a forma-la Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro electo de maior idade, entre os asistentes D. Eladio Capón López,que pasa a presidila, e polo de menor idade, tamén entre os asistentes, D. Oscar Rodríguez Somoza, e actuando como Secretario da mesma o que é da propia Corporación.

Unha vez constituída a Mesa de Idade, esta procede a comproba-las credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, baseándose na certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobando que se cumpre a esixencia determinada polos arts. 195.4 da mencionada Lei Orgánica e 37.4 do referido Regulamento, esta Mesa declara constituída a Corporación, cumprindo previamente o requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres. Concelleiros asistentes, segundo dispón o art. 108 da mesma Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril (B.O. do Estado do día 6) utilizando a formula de xuramento os Concelleiros D. Eladio Capón López, D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. José Manuel Neira Castro, D. Andrés Manuel Caballero López, D. José Manuel Alvarez Rodríguez, Dario Antonio Piñeiro López, D. Pablo Rivera Capón , D. José Manuel García Aldegunde , D. Oscar Rodríguez Somoza e D. Carlos Fernández Díaz , e a de promesa D. Carlos Santiago López Sierra , procedéndose, acto seguinte, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis da repetida Lei Orgánica, á proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, entre os Concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, resultando presentados e proclamados os seguintes, segundo os resultados electorais:

NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS	LISTAS OU CANDIDATURAS EN QUE ESTÁN INGEGRADOS	VOTOS OBTIDOS
--------------------------------	---	------------------

D. Eladio Capón López	P.P.	865
D. Dario Antonio Piñeiro López	PSG-PSOE.....	697
D. Carlos Fernández Díaz	C.D.L.....	207
D. Carlos Santiago López Sierra	B.N.G.....	188

ELECCIÓN DE ALCALDE.-

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis da varias veces citada Lei Orgánica 5/1985, procédese á elección de Alcalde, iniciándose a votación, de acordo co que establece o art. 102 do xa mencionado Regulamento, para elexilo entre os candidatos proclamados para este cargo, obténdose o seguinte resultado:

NOME E APELIDOS DE CADA CONCELLEIRO CANDIDATO	Nº DE VOTOS OBTIDOS.
D. Eladio Capón López	5
D. Dario Antonio Piñeiro López	5
Carlos Fernández Díaz	1

Feito o recuento de votos e ó non obter ningún dos candidatos a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros, é proclamado electo como Alcalde deste Concello D. Eladio Capón López , integrado na Lista ou Candidatura P.P., ó ser a lista mais votada, segundo establece o artigo 196 b) da Lei Orgánica 5/1985 de Reximen Electoral Xeral, modificada pola Lei 2/2010, xurando, na forma anteriormente mencionada, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupa-la Presidencia.

ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN.-

A continuación, o Sr. Secretario-Interventor, dá lectura á acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova Corporación, acompañada de tódolos documentos que xustifiquen as existencias en metálico e en valores propios da Corporación, depositados na Caixa municipal e en entidades bancarias, así como a documentación relativa ó Inventario do Patrimonio municipal e dos Organismos Autónomos do Concello, de acordo co preceptuado no número 2 do art. 36 do repetido

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para os efectos do preceptuado polo art. 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e art. 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño. Unha vez examinados detalladamente os documentos polos membros da nova Corporación e efectuadas as oportunas aclaracións solicitadas polos mesmos, acórdase por unanimidade, os resumos dos documentos son os seguintes:

1º.-DA ACTA DO ARQUEO

EXISTENCIAS DE TESORERÍA:

Caixa Rural Galega, CTA. 3070-0012-44-1137719520.....	20.350,28
Banco B.B.V.A., CTA. 0182-6219-53-0200270304.....	70.650,07
Banco B.B.V.A, CTA. 0172-5215-51-0000602102.....	10.938,31
Banco Pastor CTA. 0072-0216-23-0000100006.....	73.855,68
Novacaixa Galicia CTA. 2091-0136-63-3110000197.....	34.522,49
Novacaixa Galicia CTA. 2091-0136-69-311000240.....	62.950,28
SUMA TOTAL EN BANCOS.....	273.267,11

2º.-INVENTRIO DO PATRIMONIO MUNICIPAL

Suman as Propiedades e Dereitos (ACTIVO).....	en relación adjunta
Suman os Préstamos e Gravames (PASIVO).....	175.000,00 €

INCIDENCIAS:

NINGUNHA

Por último, por orde do Sr. Presidente da Corporación, o infraescrito Secretario dá lectura ó artigo 38 do varias veces citado Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quedando informados tódolos asistentes do seu contido, co que se deu por acabado o acto, dispoñéndose o cumprimento dos requisitos legais establecidos, levantándose a sesión sendo a hora das once horas corenta minutos, e extendéndose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, conmigo o Secretario, de todo o cal certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,